



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 2023/5, Extraordinaria CONSTITUTIVA realizada o sábado 17 de xuño de 2023 .

Concelleiros electos/as ASISTENTES

DONA PATRICIA BLANCO FIDALGO (PSDEG-PSOE)

DON FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE (ADV).

DONA SUSANA GUIMAREY GARCÍA (ADV).

DON FRANCISCO JAVIER BELLO HERMIDA (ADV).

DON JAVIER LENDOIRO SANTOS (ADV).

DONA MARÍA MERCEDES CARIDAD LÓPEZ (ADV).

DONA INMACULADA MANTIÑÁN ÍNSUA (ADV).

DONA NATALIA PATIÑO CAÑAS (ADV).

DON JOSE LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO (PP).

DONA CRISTINA CASAL DÍZ (PP).

DONA OSCAR BODELO GÓMEZ (PP).

DONA MARÍA ISABEL LÓPEZ PÉREZ (PP).

AUSENCIAS


DON CARLOS BARBEITO REY (PP)

TÉCNICA DE ADMINISTRACIÓN XERAL DO CONCELLO

DONA SONIA CAMPOS ARES

INTERVENTORA DO CONCELLO

DONA NOEMI GONZALEZ MATO



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

SECRETARIA DO CONCELLO

DONA EVA JARDÓN LÓPEZ.

HORA DE INICIO: 12:00

HORA DE REMATE: 12:20

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 12:00 do sábado 17 de xuño de 2023, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, (en administración ordinaria, art. 194.2 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, LOREX en diante) mediante Decreto 326/2023, de 13 de xuño, reúnense en sesión 2023/5, Extraordinaria CONSTITUTIVA os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada pola Secretaria a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte:


ORDE DO DÍA

- 1.-Constitución da Corporación (mandato 2019-2023).
- 2.- Elección do Señor Alcalde-Presidente.

1.-CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN (MANDATO 2023-2027).

Segundo a copia da acta de proclamación de electos remitida pola Xunta Electoral de Zona da Coruña que consta no expediente da sesión, as candidaturas presentadas ás eleccións locais realizadas o 28 de maio de 2023, os/as concelleiros/as electos/as de entre elas foron os/as seguintes:

Alternativa dos Veciños (AV)	(1).-Gestal Pose, francisco javier
1.896	(2).-Guimarey García, Susana
7 electos/as	(3).-Bello Hermida, Francisco javier
	(4).- Lendoiro Santos, Javier
	(5).- Caridad López, María Mercedes
	(6).- Mantiñán Ínsua, Inmaculada



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

	(7).- Patiño Cañas, Natalia
--	-----------------------------

Partido Popular (PP)	(8).-Fernández Mouriño, José Luis
1.436 votos	(9).-Amor Fuentes, Ricardo Jose
5 electos/as	(10).-Ramilo Varela, Margarita
	(11).- Barbeito Rey, Carlos
	(12).- López Pérez, María Isabel

Partido dos Socialistas de Galicia- PSOE (PSdeG-PSOE)	(13).-Blanco Fidalgo, Patricia
414 votos	
1 electos/as	

Bloque Nacionalista Galego (BNG).
157 votos
0 electos/as

E segundo resulta da certificación expedida pola Secretaria da Xunta Electoral de Zona da Coruña, dona María de Álvaro Prieto, que obra no expediente, en data 12 de xuño a sinalada Xunta Electoral tendo en conta os escritos de renuncia presentados por don Ricardo Jose Amor Fuentes e dona Margarita Ramilo Varela, acordou ter por renunciado a don Ricardo José Amor Fuentes, quen será substituído por dona Cristina Casal Díz e ter por renunciada a dona Margarita Ramilo Varela, quen será substituída por don Óscar Bodelo Gómez.

A Secretaria do Concello da lectura do disposto no artigo 195 da LOREX, segundo o cal “1.- As Corporacións municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se presentase recurso contencioso-electoral contra a proclamación de concelleiros electos, en cuxo suposto constitúense o cuadraxésimo día posterior ás eleccións.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

2. A tal fin, constitúese unha Mesa de idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como secretario o que o sexa da Corporación.

3. A Mesa comproba as credenciais presentadas, ou acreditacións da personalidade dos electos con base ás certificacións ao Concello remite a Xunta Electoral de Zona.

4.- Realizada a operación anterior, a Mesa declarará constituída a Corporación se concorren a maioría absoluta dos Concelleiros electos. En caso contrario, celebrarase sesión dous días despois, quedando constituída a Corporación calquera que fose o número de Concelleiros presentes."

Polo que de conformidade co anterior, a fin de proceder a formación da Meda de Idade, a Secretaria do Concello, sinala que a presidencia da mesa de idade lle corresponde a don Francisco Javier Gestal Pose, como concelleiro electo de maior idade, e que actuará como vogal da mesma, don Javier Lendoiro Santos, como concelleiro electo de menor idade.

A Secretaria do Concello solicita a don Francisco Javier Gestal Pose (AdV) que se achegue ao estrado, e logo de comprobar a súa credencial e DNI, e de verificar que ten feita a súa declaración de bens e actividades, lle da a palabra procedendo a prometer o seu cargo como concelleiro, conforme a formula prevista no Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece a fórmula de xuramento en cargos e funcións públicas, toma posesión do seu cargo e impónselle a medalla de Concelleiro do Concello de Carral.

O Presidente da Mesa de idade solicita a don Javier Lendoiro Santos (AdV) que se achegue ao estrado, e logo de comprobar a súa credencial e DNI e de verificar que ten feita a súa declaración de bens e actividades, lle da a palabra procedendo a prometer o seu cargo como concelleiro usando a mesma fórmula legal, toma posesión do seu cargo e impónselle a medalla de Concelleiro do Concello de Carral


A Secretaria declara constituída a Mesa de idade e di que vaise proceder polo Presidente da Mesa ao chamamento aos restantes concelleiros, pola orde na que aparecen na acta de proclamación de electos.

Así, a Mesa de idade, por voz do seu presidente, chama ao estrado pola orde da acta de proclamación de electos aos restantes Concelleiros/as electos:

Dona Patricia Blanco Fidalgo (PSDEG-PSOE).

Dona Susana Guimarey García (AdV).

Don Francisco Bello Hermida (AdV).



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Dona María Mercedes Caridad López (AdV).

Dona Inmaculada Mantiñán Ínsua (AdV).

Dona Natalia Patiño Cañas (AdV).

Don Jose Luis Fernández Mouriño (PP)

Dona Cristina Casal Diz (PP)

Don Óscar Bodelo Gómez (PP)

Don Carlos Barbeito Rey (PP) non comparece.

Dona María Isabel López Pérez (PP)

Compróbase cadansúa credencial e DNI coa copia da acta de proclamación que ao Concello remitiu a Xunta Electoral de Zona, e de verificar que todos/as eles/as presentaron cadansúas preceptivas declaracións de bens e intereses, empregan a mesma fórmula legal indicada para prometer ou xurar (todos/as prometen, agás o señor Fernández Mouriño e a señora Casal Diz, que xuran) e toman posesión de cadanseus cargos coma Concelleiros/as, e asemade reciben a correspondente medalla de Concelleiro/a do Concello de Carral.


Habendo tomado posesión dos seus cargos 12 dos 13 concelleiros electos que integran a corporación e polo tanto a maioría absoluta dos membros da mesma, a Mesa de idade, por voz da súa Secretaria declara constituída a Corporación do Concello de Carral.

Unha vez constituída a Corporación a Secretaria da conta ao Pleno do arqueo asinado pola Interventora, pola Tesoureira e polo Alcalde saínte en data 16 de xuño de 2023 e do informe asinado pola Secretaria do Concello, en data 14 de xuño de 2023, relativo á falta do inventario municipal.

2.- ELECCIÓN DO SEÑOR ALCALDE-PRESIDENTE.

A Secretaria procede a dar lectura ao artigo 196 da LOREX que regula a elección de Alcalde e segundo o cal *"Na mesma sesión de constitución da Corporación procédese á elección de Alcalde, de acordo co seguinte procedemento:*

- a).- *Poden ser candidatos todos os Concelleiros que encabecen os seus correspondentes listas.*
- b).- *Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros é proclamado electo.*



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

c).- *Se ningún deles obtén dita maioría é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivese maior número de votos populares no correspondente Municipio (...)*”.

A Secretaria di que no caso do Concello de Carral, poden ser candidatos ao cargo de Alcalde os Concelleiros que encabezan os seus correspondentes listas, q eu son os seguintes:

- 1º.- Don Francisco Javier Gestal Pose (AV).
- 2º.- Don Jose Luis Fernández Mouriño (PP).
- 3º.- Dona Patricia Blanco Fidalgo (PSDEG-PSOE).


A Secretaria pregunta aos candidatos se presentan dita candidatura respondendo todos eles afirmativamente e di que vaise proceder á elección de Alcalde, mediante votación ordinaria, de conformidade co previsto no artigo 102 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, salvo que algún Concelleiro solicite que sexa por votación nominal ou secreta.

Ningún dos concelleiros solicita votación nominal o secreta, polo que dáse inicio á votación para a elección do cargo de Alcalde, con votación ordinaria, comezando polo candidato da lista menos votada e seguindo en orde ascendente, manifestando o seguinte:

- Votos a favor de Dona Patricia Blanco Fidalgo candidata do Partido Socialista.
Votos a favor.- 1
- Votos a favor de Don Jose Luis Fernández Mouriño candidato do Partido Popular.
Votos a favor.- 4
- Votos a favor de Don Francisco Javier Gestal Pose candidato do Partido Alternativa dos Veciños.
Votos a favor.-7

A Secretaria da Mesa de idade, a vista dos resultadas da votación manifesta que ao obter a maioría absoluta dos votos emitidos polos membros desta Corporación municipal, de conformidade co disposto no articulo 196. b) da lei orgánica numero 5/1.985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeneral, queda elixido e polo tanto proclámase Alcalde-Presidente do Excelentísimo Concello de Carral a don Francisco Javier Gestal Pose.

A Secretaria da Mesa require ao señor Alcalde electo para que concorra a tomar xuramento. O señor Gestal Pose, promete pola súa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde-



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campos da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Presidente do Concello de Carral , con lealdade ao Rei , e gardar e facer gardar a Constitución coma norma fundamental do Estado, e toma posesión do seu cargo.

O vogal da Mesa de idade faille entrega da vara de Alcalde-Presidente do Concello de Carral e o señor Gestal Pose pasa a presidir a sesión, e toma a palabra para dar as grazas ao veciños por vir e acompañalos neste acto e dar as grazas a nova corporación municipal, ao Grupo Socialista, ao Grupo Popular e a Alternativa dos Veciños e desexa unha pronta recuperación a Carlos Barbeito, que tamén forma parte deste Concello e estamos a desexar que se incorpore canto antes.

E aproveita para pedir unha Corporación que teña como prioridade os intereses dos veciños, que foros os que os elixiron. E di, que como Alcalde non atopa palabras para agradecer a confianza depositada polos veciños tanto en el, como no resto do grupo político e que acaban de prometer ante a constitución que van a cumprir as obrigas do cargo de concelleiros e de Alcalde e promete ante todos os presente que van a seguir traballando a reo en prol dun Carral mellor, coa mesma ilusión que fai catro anos, e con mais responsabilidade. E conclúe dicindo que aquí estarán todos eles, na vosa casa o Concello de Carral, e ao voso servizo, a todas horas e todos os días do ano.

Finalizada a súa intervención, proceden o señor Alcalde (Francisco Javier Gestal Pose) á sinatura da acta de arqueo elaborada pola Intervención e a Tesouraría do Concello, e a tomar razón do informe da Secretaría do Concello do 14 de xuño do 2023, relativo ao inventario municipal de bens e dereitos.

Ao no existir máis temas que tratar, ás 12:20 horas, o Sr. Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

A SECRETARIA DO CONCELLO

Eva Jardón López